SERVIZO GALEGO de SAÚDE

**OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2019-2021**

**Facultativo/a Especialista en Reumatoloxía**

# 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

## INSTRUCIÓNS:

**1.–** Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

**2.–** Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Común"** entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".

**3.–** O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.

**4.–** Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.

**5.–** Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

**6.–** Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

**7.–** A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

**8.–** Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS***
***QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS***
***PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

**EXAME EN GALEGO**

0016886336055490700006637587565393822376

**1. Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Réxime disciplinario. Indique a resposta CORRECTA:**

A) A sanción de separación do servizo impide prestar servizos en Administración pública ningunha durante os seis anos seguintes á súa execución

B) O notorio incumprimento das normas reguladoras do funcionamento dos servizos ten a consideración de falta moi grave

C) As sancións disciplinarias firmes que se impoñan ao persoal estatutario anotaranse no seu expediente persoal

D) Todas as anteriores respostas son correctas

**2. A Lei 31/95, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais define o risco laboral como:**

A) Calquera enfermidade ou patoloxía sufrida con motivo ou ocasión do traballo

B) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo

C) A probabilidade significativa de que un traballador sufra un accidente a curto prazo

D) Toda lesión producida no centro de traballo

**3. De conformidade coa Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal estatutario clasifícase atendendo a estes criterios:**

A) O tipo de nomeamento, as funcións e o nivel do posto desempeñado

B) O nivel do título esixido para o ingreso, a función desenvolvida e o tipo do seu nomeamento

C) A función desenvolvida, a situación administrativa e o tipo de nomeamento

D) O nivel do título esixido para o ingreso, a situación administrativa e o nivel do posto desempeñado

**4. Conforme ao establecido na Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, as instrucións previas...**

A) Serán irrevogables durante o primeiro ano da súa vixencia

B) Non poderán revogarse dentro dos seis meses seguintes á súa formalización

C) Serán revogables por escrito ou verbalmente ante tres testemuñas maiores de idade

D) Poderán revogarse libremente en calquera momento deixando constancia por escrito

**5. Sinale cal das seguintes respostas é a CORRECTA segundo o establecido na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia: O Servizo Galego de Saúde...**

A) Ten como obxectivo a provisión de prestacións de atención sanitaria individual e de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia

B) Está adscrito ao Consello da Xunta de Galicia que exercerá sobre el as facultades de dirección e vixiancia

C) Está adscrito á Consellería de Sanidade que exercerá as potestades regulamentarias e de organización que lle atribúe a presente lei

D) É un organismo dependente da Consellería de Sanidade dotado de personalidade xurídica propia

0016886336055490700006637587565393822376

**6. En un concurso-oposición convocado conforme ao Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do...**

A) Corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo

B) Cincuenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo

C) Corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo

D) Cincuenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo

**7. Conforme ao establecido na Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, indique a resposta CORRECTA:**

A) Cando o paciente manifeste expresamente o seu desexo de non ser informado, respectarase a súa vontade deixando constancia da súa renuncia e non será preciso obter o consentimento previo para realizar un procedemento

B) O titular do dereito á información é o paciente e na medida en que este o permita tamén serán informadas as persoas vinculadas a el

C) Cando o paciente sexa un incapacitado legal, outorgará o consentimento o seu representante legal sen necesidade de atender ás condicións de madurez de aquel

D) O dereito á información sanitaria dos pacientes non pode limitarse ainda que exista un estado de necesidade terapéutica acreditado

**8. Conforme ao artigo 8 da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a información previa ao consentimento deberá incluir:**

A) As consecuencias previsibles da realización dun procedemento e as consecuencias da non realización do mesmo

B) O tempo estimado para recuperarse de dito procedemento

C) A lista de espera existente para a súa realización

D) O nivel de satisfacción referido polos pacientes en relación coa súa situación clínica

**9. Cando a Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, regula a xornada de traballo, enténdese por tempo de traballo:**

A) Só a xornada ordinaria desenvolvida polo persoal no centro de traballo no exercicio das súas funcións

B) O tempo de permanencia no centro sanitario e o período de localización

C) A suma do tempo dedicado ao traballo efectivo e o tempo en situación de dispoñibilidade

D) O período de permanencia no centro sanitario a disposición do mesmo e en exercicio efectivo da súa actividade e funcións

**10. Son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria de acordo coa Lei 14/86, de 25 de abril, Xeral de Sanidade:**

A) Todos os españois e os cidadáns extranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional

B) Todos os españois e os nacionais do Espazo Económico Europeo

C) Todos os españois e os cidadáns que teñan establecida a súa residencia no Espazo Económico Europeo

D) Todos os españois e os cidadáns extranxeiros afiliados ao Sistema da Seguridade Social

0016886336055490700006637587565393822376

Preguntas de reserva

**1. Na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, quedan excluídas da obrigatoriedade de negociación as materias seguintes:**

A) O réxime de permisos e licenzas

B) Os plans e fondos de formación

C) A regulación da xornada laboral

D) As decisións do servizo de saúde que afecten ao procedemento de formación dos actos e disposicións administrativas

**2. A Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, modificada pola Lei 1/2018, de 2 abril, sinala entre as funcións da atención hospitalaria:**

A) A atención á saúde bucodental

B) A educación para a saúde e a prevención de enfermidades no seu ámbito de actuación, así como a participación nos sistemas de vixiancia e información

C) A promoción da cultura sanitaria entre a poboación

D) A verificación do cumprimento dos estándares sanitarios definidos

0016886336055490700006637587565393822376